




Resumo do estado de saúde dos Ríos Galegos 2011




PARTICIPACIÓN

Neste ano sumáronse 60 novos grupos, número que casi duplica aos grupos que se consolidaron no 2010, pero como se efectuou unha purga da base de datos para adaptar o número de grupos á realidade, a participación acaba un total de 207 grupos de voluntarios e voluntarias no Proxecto Ríos, O descenso experimentado este ano débese á actualización da base de datos mencionada anteriormente. Da totalidade dos grupos, enviaron as inspeccións de río o 67%, o que supón unha mellora substancial na participación con respecto aos anos anteriores, que non superaba o 40%).



A participación por provincias mantense como os anos anteriores, cunhas porcentaxes do 42% para A Coruña e do 36% para Pontevedra, estas provincias son as que aglutinan maior número de grupos participantes e tamén nas que se rexistra un maior número de inspeccións recibidas. As provincias do interior seguen a ser as de menor participación




CALIDADE HIDROMORFOLÓXICA


Co estudo da calidade hidromorfolóxica preténdese averiguar cal é o estado de conservación dos diferentes elementos físicos que compoñen o ecosistema fluvial. Estes elementos son a base onde se asentarán as comunidades animais do ecosistema. É polo tanto fundamental que a súa estrutura e morfoloxía sexa a axeitada para o seu desenvolvemento. A degradación destes elementos supón un empobrecemento xeral destas comunidades, que non poden desenvolver con normalidade os seus ciclos vitais. Valoramos diferentes aspectos como a calidade do hábitat, o estado do bosque de ribeira e as alteracións presentes tanto no cauce como nas marxes dos ríos.

Ao contrario do sucedido no pasado ano, parece que a calidade do hábitat durante o 2011 amosa unha tendencia a mellorar. A porcentaxe de hábitat degradado baixou desde un 10% en outono de 2010 até un 5% en outono de 2011, e a de hábitat en bo estado aumentou desde o 42% ao 60 % na última campaña.

Calidade do hábitat en primavera




Calidade do hábitat en outono




Sen embargo, a calidade do bosque de ribeira foi en descenso, pois unha parte das marxes que presentaban alteracións no ano 2010, nas campañas deste ano xa presentaban degradacións importantes (alcanzando o 20% na campaña de outono). Estes datos van en concordancia coa tendencia actual cara a perda de vexetación e degradación das marxes dos ríos. Atópanse moi degradadas as ribeiras dos ríos Gafos, Miñor, Zamáns, Sar, Limia, Lexoso ou Grande entre outros.


Marxe esquerda en primavera




Marxe dereita en primavera



Marxe esquerda en outono




Marxe dereita en outono




CALIDADE FÍSICO - QUÍMICA


Os parámetros físico-químicos que se miden no Proxecto Ríos son a temperatura, a transparencia, o pH e as concentracións de nitratos e de osíxeno disolto na auga. Todos estes parámetros dan resultados dentro dos límites normais para os ríos galegos.




Durante a campaña de primavera rexistrouse un valor medio de temperatura de 14,95°C, cunha oscilación entre os 10 °C e os 19 °C. No outono a temperatura media foi de 13,16 °C, con máximas rexistradas de 18°C e mínimas de 8°C.



En canto a o pH, a maioría dos treitos estudados levan auga practicamente neutra, con valores entre 6 e 8. Tamén houbo algún caso excepcional cun valor de 4 nun treito do río Belelle.




As concentracións de nitratos e de osíxeno disolto tamén amosaron valores normais. Respecto aos nitratos houbo poucos casos no que a concentración fora superior a 5 mg/l (9 treitos dun total de 140). Nas análises de osíxeno disolto os datos máis preocupantes foron os da campaña de outono onde houbo 32 treitos cunha concentracións de 4mg/l. Estes resultados poden deberse ao baixo caudal que presentaban os ríos na campaña de outono, debido a prolongada seca que experimentamos ao longo do ano.




PARÁMETROS BIOLÓXICOS

A determinación do estado de saúde dun río a través do estudo das comunidades de invertebrados é o método máis amplamente utilizado pola comunidade científica e está recomendado pola Directiva Marco de Auga. Isto é debido a que estes animais son abundantes, de fácil recoñecemento e sensíbeis ás perturbacións. Por estas características é unha metodoloxía acaída para o voluntariado, que a priori non posúe os coñecementos necesarios para a aplicación destes índices biolóxicos, e que cun breve curso de formación están preparados para realizar a identificación de macroinvertebrados con éxito.

Calidade biolóxica en primavera



Calidade biolóxica en outono



Tal como se pode observar no gráfico superior, nos hai apenas diferenzas entre as campañas de outono e primavera. Aproximadamente o 75% dos treitos estudados presentan unha calidade biolóxica boa ou moi boa, sendo o estado “bo” o máis abundante durante as inspeccións realizadas en primavera.

A tendencia iniciada en 2010 cara o dominio de aqueles treitos que presentan un bo estado de saúde confírmase nas campañas de 2011. En anos anteriores a 2010, e coa metodoloxía antiga, máis do 50% dos treitos estudados tiñan un moi bo estado de saúde. O traslado cara o estado bo apreciado en 2010 e 2011 débese a que a metodoloxía empregada na actualidade é máis rigorosa en canto á análise dos parámetros biolóxicos. Isto supón que os ríos non sufriron en realidade un empobrecemento na calidade das súas augas, senón que o traballo realizado polo voluntariado é máis exacto, e polo tanto máis acorde coa realidade. Existe tamén un lixeiro aumento dos treitos inspeccionados que amosaron saúde moderada e deficiente, que chegan a sumar, entre as dúas categorías, o 20% e 22% en primavera e outono respectivamente, cando en 2010 non se chegou ata o 20% do total dos treitos inspeccionados. Destacan con estado deficiente o río Lagares, Sar, Tinto e o rego de Corme, así como dous treitos do río Limia na campaña de primavera. Nesta campaña tamén apareceu un treito de río en estado malo que se corresponde co río Baa no Concello de Fene así como dous treitos do río Limia na campaña de outono.

Os ríos con índices biolóxicos máis baixos seguen a ser os que atravesan cidades ou núcleos de poboación e aqueles treitos de regos costeiros que están moi próximos á súa desembocadura no mar. Estes datos recollidos amosan a tendencia global de que os treitos


próximos as cabeceiras dos ríos adoitan ten índices máis altos, o bosque de ribeira está mellor conservado, a calidade hidromorfolóxica é maior debido a que as augas baixan máis rápido, soe haber unha maior frecuencia de rápidos e pozas e polo tanto as augas son máis frías e conteñen maior cantidade de osíxeno, albergando así unha maior diversidade biolóxica que se reflicte na comunidade de macroinvertebrados.

DATOS POR CONCAS

Xa que a conca hidrográfica é a unidade fundamental de estudo e reflicte o estado das masas de auga pertencentes a unha mesma área xeográfica, a continuación faise un tratamento dos datos recibidos por concas.

A conca máis estudada segue a ser a das Rías Baixas, o 62% das inspeccións realizadas fixéronse nesta conca. As concas dos Arco Ártabro e Fisterrá (15%) e a do río Miño (14%) van de seguido en proporción de participación, sendo a da Vertente Cantábrica e a do Limia-Douro as de menor participación (ámbalas dúas suman unicamente o 9% do total).


Como se pode observar no seguinte gráfico, os datos recibidos sobre a calidade do hábitat nas diferentes bacías amosa que os ríos pertencentes á Vertente Cantábrica posúen unhas características hidromorfolóxicas excelentes no 75% dos casos, pola contra na conca do Limia-Douro están en estado deficiente no 43% dos casos, pero estes datos non son significativos, posto que o nº de inspeccións recibidas para estas concas son demasiado baixos para extrapolar as súas características a toda a conca.



Observase un aumento significativo das porcentaxes do estado excelente respecto ao ano pasado en todas as bacías agás nas Rías Baixas que se mantén. Pódese concluír que a conca das Rías Baixas e a do río Miño son as que presentan o hábitat mellor conservado, aínda que estes datos téñense que tomar con precaución ao ser o segundo ano que se analiza este parámetro.


Os datos relacionados co bosque de ribeira amosan valores altos de degradación para as concas do Limia-Douro e da Vertente Cantábrica, pero ao igual que sucedía co

hábitat, os datos son insuficientes para facer referencia á conca en conxunto. Segundo se pode observar no seguinte gráfico, a conca do río Miño é a que presenta as súas ribeiras mellor conservadas, mentres que a degradación vai en aumento nas bacías das Rías Baixas e do Arco Ártabro e Fisterrá. Se comparamos de xeito global estes datos cos do ano pasado observase unha melloría na conca do Miño aumentando o estado ben conservado nun 20%. Constátase tamén un aumento nun 6% dos ríos moi degradados nas Rías Baixas.



En canto aos índices biolóxicos, os datos obtidos durante o presente ano non varían significativamente en comparación cos obtidos no pasado 2010. Obsérvase un empeoramento nos ríos da conca do Miño en estado bo que pasa dun 29% no ano 2011 ao actual 14%, aparecendo tamén ríos en estado deficiente (5%). En concordancia coa tendencia observada o pasado ano, debido ao cambio na metodoloxía, o estado “bo” é o máis frecuente nos ríos das diferentes conchas, agás na conca do Limia-Douro, posto que o río Limia ao seu paso por Xinzo atópase en moi mal estado, ademais de non levar auga na campaña de outono.

Os ríos con índices biolóxicos máis baixos seguen a ser os que atravesan cidades ou núcleos de poboación e aqueles treitos de regos costeiros que están moi próximos á súa desembocadura no mar. Estes datos recollidos amosan a tendencia global de que os treitos próximos as cabeceiras dos ríos adoitan ter índices máis altos, o bosque de ribeira está mellor conservado, a calidade hidromorfolóxica é maior debido a que as augas baixan máis rápido, soe haber unha maior frecuencia de rápidos e pozas e polo tanto as augas son máis frías e conteñen maior cantidade de osíxeno, albergando así unha maior diversidade biolóxica que se reflicte na comunidade de macroinvertebrados.



Iniciativa de:



Promove:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe